

*Orde do 18 de agosto de 2008 pola que se autoriza o cambio de denominación do centro de educación especial Santiago Apóstolo da Coruña.*

Tendo en conta o disposto no artigo 8 punto 1º do anexo do Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, así como os correspondentes informes, por proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, esta consellería

#### **DISPÓN:**

Autorizar o cambio de denominación do centro que se relaciona no anexo a esta orde.

Santiago de Compostela, 18 de agosto de 2008.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria

#### **ANEXO**

Provincia: A Coruña.

Concello: A Coruña.

Localidade: A Coruña.

Código de centro: 15005385.

Denominación: Centro de Educación Especial Santiago Apóstolo.

Nova denominación: Centro de Educación Especial María Mariño.

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

*Orde do 17 de setembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras de axudas destinadas a proxectos de mellora da xestión ambiental das explotacións porcinas en Galicia e se convocan para o ano 2008.*

O sector porcino en Galicia evolucionou igual que no resto do noso contorno económico cara a modelos intensivos nos sistemas de produción, que permitiu mellorar dun xeito sustentable o rendemento das explotacións ao longo do tempo. Con todo, este desenvolvemento é inseparable dun incremento nos subprodutos xerados nas explotacións porcinas, que, segundo os casos, chega a ser o principal factor limitante do crecemento deste sector nalgunhas comarcas.

Os xurros e esterco resultantes da actividade gandeira baixo un sistema de xestión deficiente poden representar un perigo potencial para o ambiente, con problemas vinculados á emisión de gases á atmosfera, á contaminación das augas e ao exceso de nitróxeno e outros minerais asimilables nas superficies agrícolas.

O desenvolvemento de políticas por parte do noso país, así como a nivel nacional e comunitario, en

materia de protección ambiental, e o impulso de prácticas agrarias compatibles coa contorna natural, son o reflexo dunha preocupación social crecente pola conservación e sustentabilidade do ambiente.

O apoio para determinados proxectos de mellora da xestión ambiental das dexeccións porcinas supón un complemento doutros instrumentos implantados. Así, o impulso de distintas actividades, orientadas ao emprego de fertilizantes aplicados mediante técnicas que favorezan a incorporación adecuada de xurros ao solo, contribuirán a alcanzar os obxectivos de redución de emisións e a mellorar a súa eficiencia no seu emprego coa fertilizantes.

Dentro deste contexto, faise fundamental favorecer o desenvolvemento de sistemas de xestión de carácter asociativo e integrado que ofrezan solucións innovadoras de aproveitamento de xurros das explotacións porcinas, facilitando a súa valorización na actividade agraria e contribuír así a acadar modelos produtivos máis eficientes no conxunto de explotacións participantes no proxecto.

As actuacións recollidas nesta orde enmárcanse no Real decreto 987/2008, do 13 de xuño, polo que se establecen bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a determinados proxectos de mellora da xestión ambiental das explotacións porcinas (BOE número 160, do 3 de xullo de 2008).

As medidas estableceranse sen prexuízo do recollido no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013 aprobado pola Unión Europea, e serán compatibles coas liñas de axudas do dito programa.

As axudas recollidas nesta disposición axústanse ao disposto nas directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario e forestal 2007-2013 (2006/C 319/01), publicadas no «DOUE» C 319 do 27 de decembro de 2006, nas cales se establecen cantidades absolutas ou porcentaxes máximas permitidas de axuda nos diferentes conceptos subvencionables.

En consecuencia, de acordo co disposto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire o artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño (DOG nº 121, do 25 de xuño), de subvencións de Galicia, así como as competencias que me confire a Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a Lei 1/1983, do 22 de febreiro (DOG nº 23, do 21 de marzo), de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

#### **DISPOÑO:**

Artigo 1º.-*Obxecto.*

1. O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para promover o desen-

volveremento de sistemas innovadores de xestión de xurros procedentes das explotacións porcinas, respectuosos e compatibles coa protección do ambiente, que eviten consumos ineficientes de enerxía, que prevexan un enfoque integral de valorización e desenvolvemento de melloras técnicas dispoñibles na aplicación de xurros ao campo, mediante:

a) A implantación de programas de valorización e xestión que impliquen a redución do uso de fertilizantes minerais, mediante a aplicación de novas técnicas, que permitan a incorporación adecuada de xurros ao solo, diminuíndo a contaminación, para optimizar así a capacidade produtiva das superficies agrarias.

b) O desenvolvemento doutras alternativas innovadoras na xestión de xurros procedentes de explotacións porcinas, incluídos proxectos piloto ou proxectos de demostración de escala razoablemente reducida.

2. Poderán ser obxecto de financiamento os investimentos en activos materiais levados a cabo no marco dos proxectos de xestión de xurros presentados, segundo o establecido no artigo 4º.

3. A adaptación das explotacións para cumprimento da normativa autonómica, nacional ou comunitaria vixente con respecto ás explotacións porcinas en materia de ambiente, e outras materias relacionadas como a sanidade ou o benestar dos animais, non será en ningún caso subvencionable.

4. Así mesmo, por medio desta orde convócase a devandita axuda, en réxime de concorrencia competitiva, para o ano 2008.

#### Artigo 2º.-Definicións.

1. Para os efectos desta orde serán de aplicación as definicións previstas no artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal; no artigo 2 do Real decreto 324/2000, do 3 de marzo, polo que se establecen normas básicas de ordenación de explotacións porcinas, e no artigo 2 do Regulamento (CE) nº 1857/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, sobre a aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas estatais para as pequenas e medianas empresas dedicadas á produción de produtos agrícolas e polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 70/2001.

2. Ademais, entenderase como:

a) Xurro ou esterco líquido: todo excremento ou ouriños de animais da especie porcina, con ou sen cama, a auga de lavado e restos de pensos, en proceso de cambio biolóxico, que son valorizados directamente no marco das explotacións agrarias.

b) Xestión: a recollida, o almacenamento, o transporte, a valorización e, de ser o caso, o tratamento

previo dos xurros, incluída a vixilancia destas actividades.

c) Agricultor/a profesional: a persoa física titular dunha explotación agrícola, gandeira ou forestal, que requira un volume de emprego de polo menos unha unidade de traballo anual e que obteña polo menos o 25 por cento da súa renda de actividades agrarias.

d) Entenderase por pequenas e medianas empresas, denominadas de agora en diante PEME, as empresas:

-Que empreguen menos de 250 persoas,

-Cuxo volume de negocio anual non exceda 40 millóns de euros, ou cuxo balance xeral anual non exceda 27 millóns de euros,

-Que cumpran o criterio de independencia tal como se define a continuación:

Consideraranse empresas independentes as empresas en que o 25% ou máis do seu capital ou dos seus dereitos de voto non pertencen a outra empresa, ou conxuntamente a varias empresas que non respondan á definición de PEME ou de pequena empresa, segundo o caso. Este limiar poderá superarse nos dous casos seguintes:

-Se a empresa pertence a sociedades públicas de participación, sociedades de capital risco ou a investidores institucionais, sempre que estes non exerzan, individual ou conxuntamente, ningún control sobre a empresa.

-Se o capital está distribuído de tal forma que non é posible determinar quen o posúe e se a empresa declara que pode lexitimamente presumir que o 25% ou máis do seu capital non pertence a outra empresa ou conxuntamente a varias empresas que non responden á definición de PEME ou de pequena empresa, segundo o caso.

#### Artigo 3º.-Beneficiarios e requisitos xerais.

1. Poderán acollerse ás axudas previstas nesta disposición as asociacións, organizacións e agrupacións de titulares de explotacións porcinas e outras figuras equivalentes, incluídas as agrupacións de defensa sanitaria, cooperativas, e sociedades agrarias de transformación, integradas na súa maioría por explotacións de porcino, que presenten un proxecto conxunto de xestión de xurros, segundo se define no anexo I.

Os proxectos deberán incluír a participación de explotacións agrarias, ou empresas xestoras, de forma que se leve a cabo unha xestión e valorización de xurros innovadoras desde o punto de vista tecnolóxico, económico e ambiental, e que integren as mellores técnicas dispoñibles na aplicación de xurros.

2. A asociación, organización, agrupación ou figura equivalente solicitante, así como as explotacións de porcino integrantes, deberán cumprir os seguintes requisitos xerais:

a) Non ter a consideración de empresas en crise, de acordo coa definición e condicións establecidas nas directrices comunitarias sobre as axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas en crise (2004/C244/02). Tampouco se concederán axudas ás empresas sometidas a un procedemento de quebra, insolvencia ou concursal.

b) Estar ao día das obrigas fiscais e coa Seguridade Social, que deberá acreditarse mediante as certificacións que se regulan no artigo 22 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma segundo o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

3. No caso das explotacións porcinas integradas no proxecto, ademais do establecido no punto 2 deste artigo deberán:

a) Estar inscritas en estado de alta no Rexistro de Explotacións Gandeiras previsto no artigo 3.3º do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, como explotación de produción e reprodución, así como dispor do correspondente libro de rexistro debidamente actualizado.

b) Achegar declaración responsable de que se cumpre a normativa sectorial mínima correspondente en materia de ordenación, benestar, identificación, sanidade animal, ambiente e hixiene.

c) Dispor das instalacións de almacenamento de xurros necesarias e de acordo coa normativa vixente, en particular co Real decreto 324/2000, do 3 de marzo, polo que se establecen normas básicas de ordenación de explotacións porcinas.

d) Cumprir os requisitos para a consideración de PEME conforme o Regulamento (CE) nº 70/2001 da Comisión, do 12 de xaneiro de 2001, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas estatais ás pequenas e medianas empresas.

4. No caso das explotacións agrarias integradas no proxecto, ademais do establecido no punto 2 deste artigo, deberán:

a) Achegar declaración responsable de que se cumpre a normativa sectorial mínima correspondente á actividade de que se trate.

b) Rexistrar as cantidades de xurros aplicadas na fertilización do terreo achegado ao proxecto de que se trate. Así mesmo, deberán terse en conta as necesidades en función do uso e potencialidade produ-

va do terreo, así como outras posibles achegas procedentes doutros produtos fertilizantes.

c) Cumprir os requisitos para a consideración de PEME conforme o Regulamento (CE) nº 70/2001 da Comisión, do 12 de xaneiro de 2001, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas estatais ás pequenas e medianas empresas.

5. Cando cumpra, no caso das empresas xestoras integradas no proxecto, ademais do establecido no punto 2 deste artigo, deberán respectar os criterios de boas prácticas agronómicas na xestión que realicen dos xurros.

#### Artigo 4º.-*Actividades subvencionables.*

1. Poderán ser obxecto de financiamento as seguintes actividades dentro do proxecto conxunto de xestión de xurros:

a) Compra ou arrendamento con opción de compra de maquinaria e equipamento necesario para a preservación e mellora da contorna natural na xestión de xurros das explotacións porcinas, ata o valor de mercado de devandita maquinaria ou equipamento.

b) Custos xerais relacionados cos gastos indicados na letra anterior, como os honorarios de asesores, os estudos de viabilidade ou a adquisición de patentes e licenzas.

2. Non será subvencionable o secado térmico de xurros.

3. As axudas concederanse a actividades realizadas con posterioridade á presentación da solicitude, e poderán concederse a proxectos de execución plurianual, sempre que se cumpra co establecido no artigo 57 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

#### Artigo 5º.-*Contía das axudas.*

1. A intensidade bruta da axuda non deberá superar:

a) O 75 por cento dos investimentos subvencionables nas zonas desfavorecidas ou nas zonas indicadas no artigo 36, letra a), incisos i), ii) e iii) do Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro de 2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

b) O 60 por cento noutras rexións.

2. A contía máxima da axuda non poderá superar os 200.000 euros para cada unha das solicitudes aprobadas.

#### Artigo 6º.-*Solicitudes e prazo de presentación.*

1. As solicitudes presentaranse nos rexistros dos órganos dependentes da Consellería do Medio

Rural. Así mesmo, poderán presentarse nos rexistros de calquera órgano administrativo que pertenza á Administración xeral do Estado, a calquera Administración das comunidades autónomas ou a algunha das entidades que integran a Administración local se, neste último caso, se subscribiu o oportuno convenio, ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de envío por correo, farase de acordo co regulamentariamente previsto no artigo 31 do Real decreto 1829/1999, do 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regula a prestación dos servizos postais, en desenvolvemento do establecido na Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, que se presentará en sobre aberto, co obxecto de que na cabeceira da primeira folla do documento que se queira enviar se faga constar, con claridade, o nome da oficina e a data, o lugar, a hora e minuto da súa admisión.

2. Á solicitude xuntaráse a documentación que a seguir se relaciona:

- a) Copia compulsada do CIF da entidade solicitante.
- b) Copia compulsada do DNI do presidente ou representante legal, de ser o caso.
- c) Certificación bancaria orixinal do número de conta.
- d) Copia do estatuto ou regulamento interno da persoa xurídica solicitante e, de ser o caso, copia dos correspondentes contratos ou acordos entre o solicitante e os demais axentes participantes no proxecto.
- e) Copia compulsada ou certificación da acta da reunión do órgano de dirección da entidade solicitante, segundo o modelo do anexo V, na cal se:
  - i. Acorda solicitar a subvención.
  - ii. Autoriza a persoa encargada dos trámites.
  - iii. Aproba realizar as accións polas cales solicita a subvención.
- f) Certificacións, segundo o modelo do anexo VI, sobre os seguintes aspectos:
  - i. Cumprimento dos requisitos necesarios para acollerse a esta orde de axudas, así como das obrigas e compromisos que nela se establecen.
  - ii. Autenticidade dos datos facilitados e da documentación presentada.
  - iii. Compromiso de facilitar a documentación complementaria que se poida requirir, así como de permitir as comprobacións e inspeccións que para o efecto esta Administración considere oportunas.

g) Declaración do beneficiario, segundo o anexo X sobre outras axudas concedidas e/ou solicitadas para os mesmos investimentos, achegando, se é o caso, copia compulsada da resolución de concesión delas.

h) Declaración do responsable do órgano de dirección da entidade solicitante da condición de PEME da entidade que representa, das explotacións de porcino integrantes e das explotacións agrarias integradas no proxecto, segundo o modelo do anexo VII.

i) Declaracións dos responsables das explotacións porcinas integradas de que se cumpre a normativa sectorial mínima correspondente en materia de ordenación, benestar, identificación, sanidade animal, ambiente e hixiene, segundo o modelo do anexo VIII.

j) Declaracións dos responsables das explotacións agrarias integradas de que se cumpre a normativa sectorial mínima, segundo o modelo do anexo IX.

k) No caso de tratarse de axudas destinadas a proxectos piloto, enmarcados no punto 4.1.b) do artigo 3º, declaración do beneficiario en que se exprese claramente que coñece e acepta que os resultados do proxecto piloto serán postos en coñecemento do público, polo menos na internet, na páxina web da Consellería do Medio Rural e na do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

l) Copia compulsada completa da declaración do imposto de sociedades correspondente ao último exercicio económico. No caso das entidades de nova constitución, presentarán copia compulsada da alta no censo de actividades económicas.

m) Proxecto de xestión de xurros, co contido mínimo recollido no anexo I.

n) Estudo de viabilidade técnico-económico, elaborado por técnico competente, que constará dunha análise técnica sobre os obxectivos que se pretenden acadar e os investimentos e outra análise económica que analicen a viabilidade do proxecto.

o) Orzamento ou facturas pro forma dos investimentos, actividades e gastos que se van realizar.

3. Cando o importe do investimento subvencionable supere a contía de 30.000 euros no caso de obra, ou de 12.000 euros no suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá presentar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á entrega do ben ou á contratación do compromiso para a prestación do servizo, agás nos casos en que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten.

A elección destas ofertas realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, polo que se deberá xustificar expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

4. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

#### Artigo 7º.-*Autorización*.

1. Para os efectos do previsto no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude de concesión da subvención comportará a autorización do solicitante para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social, a través de certificados telemáticos.

2. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos, todo isto consonte o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, pola que se regula a protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

#### Artigo 8º.-*Criterios de adxudicación das axudas*.

1. Na concesión das subvencións previstas nesta orde ordenaranse as solicitudes en función da súa puntuación, de acordo cos seguintes criterios obxectivos:

i. Proxectos que integren explotacións porcinas situadas en zonas vulnerables, de acordo co artigo 5. Un. B do Real decreto 324/2000, do 3 de marzo (ata

5 puntos, en función do número de explotacións do proxecto situadas en zonas vulnerables).

ii. Proxectos que integren un maior número total de animais ou con maior valor de capacidade produtiva, como suma total das explotacións, expresada en UGM (unidade gandeira maior), de acordo coa táboa de equivalencias recollida no anexo XI (ata 5 puntos).

iii. Proxectos que integren un maior número de explotacións (ata 5 puntos).

iv. Programas que presenten as alternativas máis innovadoras e eficaces (ata 5 puntos).

v. Proxectos orientados á utilización directa dos xurros ou esterco como fertilizantes (ata 3 puntos).

vi. Proxectos que xustifiquen poñer en produción terreos abandonados (ata 2 puntos).

2. No caso de que máis dunha solicitude obtivese a mesma puntuación, aplicarase como orde de prioridade o establecido no punto 1.

3. En todos os casos, na concesión de axudas prestarase unha atención preferente ás entidades participantes no proxecto que acrediten ter un número maior de explotacións porcinas en que os titulares sexan agricultores profesionais, e deles prioritariamente aos que sexan titulares dunha explotación porcina que teña asinado un contrato de explotación sustentable.

4. No caso de que algún dos beneficiarios renunciase á subvención, o órgano que a concede acordará, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da axuda ao solicitante ou solicitantes seguintes a aquel en puntuación, coa condición de que coa renuncia se liberase crédito suficiente para atender, polo menos, unha das solicitudes denegadas.

#### Artigo 10º.-*Tramitación*.

1. As unidades administrativas receptoras remitirán as solicitudes de axuda recibidas á Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, para que o servizo competente comprobe que a solicitude e a documentación presentada reúnen os requisitos exixidos nesta orde.

2. Se os impresos de solicitude non están debidamente cubertos, non se achega a documentación establecida ou se o expediente presenta defectos corrixibles, requirirase o interesado para que nun prazo máximo de dez días emende os erros ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non o facer, se considerará desistido da súa petición, logo de resolución ditada nos termos previstos no artigo 42, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (BOE nº 285, do 27 de novembro), de réxime xurídico das

administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE nº 12, do 14 de xaneiro).

3. O órgano competente para levar a cabo a tramitación desta orde de axudas é a Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria.

4. A avaliación da solicitudes levaraa a cabo un órgano colexiado composto polo subdirector xeral de Produción Agraria Sustentable e Fomento Asociativo, o xefe do Servizo de Fomento Asociativo Agrario, un xefe de área ou de sección e un xefe de negociado que actuará como secretario.

O órgano colexiado valorará as solicitudes de axuda segundo os criterios establecidos, emitindo o correspondente informe no cal se concretará o resultado da avaliación. O director xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria formulará a proposta de resolución que elevará ao conselleiro do Medio Rural.

#### Artigo 11º.-Resolución.

1. O conselleiro do Medio Rural resolverá sobre a aprobación das axudas solicitadas en réxime de concorrencia competitiva axustándose aos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non-discriminación.

Seguidamente, notificaráselles ás entidades asociativas beneficiarias a resolución de concesión da subvención e o seu importe previsto, segundo as normas e criterios establecidos nesta orde.

Se non se notificase a resolución de concesión no prazo de seis meses, os interesados poderán entender desestimada a súa solicitude.

2. As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente orde de convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución.

#### Artigo 12º.-Seguimento e control.

a) Os beneficiarios están obrigadas a comunicar á Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria calquera circunstancia ou eventua-

lidade que poida afectar substancialmente o destino ou correcta aplicación da subvención concedida.

b) Toda alteración das condicións que se tiveron en conta para a concesión da subvención, incluída a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

c) Poderá acordarse a modificación da resolución de concesión por instancia da persoa beneficiaria cando sexa admitida unha modificación do proxecto presentado, segundo o disposto no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

d) Así mesmo, quedan obrigadas a permitir e facilitar que a devandita dirección xeral realice as comprobacións e inspeccións que considere oportunas co fin de comprobar a veracidade dos datos e da documentación presentada, así como o lóxico seguimento e control das axudas concedidas. Tamén facilitarán toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

e) Xunto coa solicitude inicial, os peticionarios das axudas presentarán unha declaración de conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para o mesmo proxecto, das distintas administracións ou entes públicos, así como doutros ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, segundo o modelo do anexo X desta orde.

f) No momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, o beneficiario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como doutros ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

#### Artigo 13º.-Publicidade.

No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución da concesión, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario do programa e crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Igualmente, farase na páxina web oficial da Consellería do Medio Rural nos termos previstos no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Malia o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a tres mil euros (3.000 €), non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Consellería do Medio Rural.

Artigo 14º.-*Xustificación e pagamento das axudas.*

1. A xustificación do gasto presentarase prioritariamente no rexistro da Consellería do Medio Rural; edificio administrativo s/n, Santiago de Compostela, dirixida á Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria.

2. A xustificación do gasto dos investimentos subvencionables e adxudicados ao ano 2008 realizarase antes do 10 de decembro deste exercicio. Os gastos adxudicados ao exercicio 2009 xustificaranse antes do 15 de outubro de 2009.

3. A xustificación do cumprimento dos conceptos subvencionados e dos compromisos requiridos acreditarase mediante a seguinte documentación:

a) Facturas orixinais ou as súas copias compulsadas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil con eficacia administrativa que xustifiquen os gastos e investimentos realizados. Tamén se achegará transferencia bancaria, certificación ou calquera outro documento orixinal ou compulsado que acredite fidedignamente o seu pagamento efectivo. No caso de facturas acreditativas do investimento ou gasto realizados no marco dos proxectos aprobados, deberán estar emitidas a nome da asociación, organización, agrupación de titulares de explotacións porcinas. Non se admitirán procedementos de financiamento mediante renting.

b) Calquera outra documentación que se sinala expresamente na resolución de concesión da axuda.

4. O importe final das axudas concedidas calcularase en función das facturas e demais xustificantes e documentación que se presente ao respecto, unha vez descontado o IVE. Se os gastos totais xustificados son inferiores aos orzados e admitidos, practicarase a redución proporcional pertinente, sempre que se cumprisen os obxectivos previstos.

5. A consellería comprobará que a xustificación da axuda cumpre os requisitos para aboar a subvención concedida. A comprobación incluírá, como mínimo, unha inspección *in situ* dos investimentos realizados para cada expediente de axuda.

6. As subvencións concedidas faranse efectivas mediante pagamentos nominativos a favor dos beneficiarios, unha vez que acrediten debidamente as actividades e gastos realizados, de acordo co que se especifica no texto desta orde e na pertinente resolución de concesión. Producirase a perda do dereito

ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño (*Diario Oficial de Galicia* nº 121, do 25 de xuño), de subvencións de Galicia.

7. O beneficiario deberá xustificar o investimento conforme a anualización establecida na resolución de concesión e solicitar os correspondentes pagamentos da axuda, que poderán ser pagamentos parciais ou pagamentos totais.

Os pagamentos anteriores ao pagamento final terán o carácter de pagamentos parciais. Cando se tramite un pagamento parcial, se o solicitante é beneficiario dunha axuda total superior a 30.050 euros, deberá presentar, con anterioridade ao pagamento da axuda, unha garantía constituída por seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca, que deberá acadar, como mínimo, ata os dous meses seguintes ao día de remate do prazo de xustificación previsto na resolución de concesión.

A garantía deberá cubrir o importe dos pagamentos fraccionados xunto cos xuros destes, calculados ao tipo de xuro legal do diñeiro vixente no momento da concesión e polo prazo que medie entre a data da solicitude de pagamento e, como mínimo, aquela en que se cumpran dous meses da do remate do prazo de xustificación previsto na resolución de concesión. As garantías serán liberadas unha vez comprobada a realización da actividade ou proxecto para o cal se concedeu a subvención.

8. Poderanse efectuar pagamentos parciais á conta se o beneficiario da axuda o solicita e xustifica un investimento parcial respecto da subvención concedida na forma e condicións previstas no artigo 17 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; o punto 6º do artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño (*Diario Oficial de Galicia* nº 121, do 25 de xuño), de subvencións de Galicia, así como no Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

9. Non se poderá realizar o pagamento da subvención mentres o beneficiario non estea ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma, segundo o artigo 31.7º da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 15º.-*Acumulación e compatibilidade das axudas.*

1. As subvencións previstas nesta orde serán compatíbeis con calquera outra que, para a mesma finalidade e obxecto, puidesen establecer outras administracións públicas ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

2. Sen prexuízo do previsto no artigo 19 do Regulamento (CE) nº 1857/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, o importe das subvencións reguladas nesta orde en ningún caso poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, destinadas ao mesmo fin, o custo da actividade que desenvolverá o beneficiario.

Artigo 16º.-*Incumprimento e reintegro.*

1. Non se poderá exixir o pagamento da axuda concedida e procederá o reintegro total ou parcial da contía percibida xunto cos xuros de demora devengados desde o seu pagamento nos supostos previstos no artigo 37.1º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e, en todo caso, nos supostos previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño (*Diario Oficial de Galicia* nº 121, do 25 de xuño), de subvencións de Galicia, tendo en conta as excepcións contidas.

2. O incumprimento da lexislación básica en materia de ambiente, sanidade, benestar, alimentación ou identificación animal, con independencia doutras responsabilidades en que puidese incurrir o beneficiario, dará lugar á perda do dereito á subvención concedida, coa obriga de reembolsar as cantidades, de ser o caso, percibidas, incrementadas cos xuros de demora legais.

En caso de incumprimentos parciais relativos ás actividades subvencionables, procederase á redución proporcional das subvencións concedidas ou aboadas.

Artigo 17º.-*Infraccións e sancións.*

Sen prexuízo do establecido nos parágrafos anteriores e na normativa comunitaria aplicable, aos beneficiarios das axudas reguladas nesta orde seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto nos artigos 50 a 68 da Lei 9/2007, do 13 de xuño (*Diario Oficial de Galicia* nº 121, do 25 de xuño), de subvencións de Galicia.

Artigo 18º.-*Financiamento.*

As axudas concedidas financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Fondos propios: aplicación 11.03.713-D.770.0, por un importe de 30.000 € para a anualidade 2008; 150.000 € para 2009.

Estes importes poderanse incrementar con fondos provenientes dos orzamentos xerais do Estado, así como con remanentes adicionais de acordo coas dispoñibilidades de crédito. En todo caso, as concesións limitaranse ás dispoñibilidades orzamentarias.

*Disposicións adicionais*

Primeira.-En todas aquelas cuestións non previstas nesta orde será de aplicación o disposto no Real decreto 987/2008, do 13 de xuño, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a determinados proxectos de mellora da xestión ambiental das explotacións porcinas (BOE nº 160, do 3 de xullo de 2008), a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no Decreto 287/2000, do 21 de novembro (*Diario Oficial de Galicia* nº 238, do 11 de decembro), polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, en canto non se opoña á citada Lei 9/2007.

Segunda.-De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño (*Diario Oficial de Galicia* nº 121, do 14 de xullo), de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería do Medio Rural publicará na súa páxina web oficial as concesións das axudas reguladas nesta orde, polo que a presentación da solicitude leva implícita autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web; tamén se publicará no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo coa Lei 9/2007, do 13 de xuño (*Diario Oficial de Galicia* nº 121, do 25 de xuño), de subvencións de Galicia. Así mesmo, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo (*Diario Oficial de Galicia* nº 53, do 9 de agosto), de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, de ser o caso.

Terceira.-De conformidade co artigo 9.11º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, o pagamento das axudas reguladas nesta orde quedará condicionado á decisión positiva da Comisión Europea de acordo co establecido no artigo 88.3º do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, segundo recolle o Real decreto 987/2008, do 13 de xuño.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o director xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria para ditar as normas necesarias para o mellor cumprimento e aplicación desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2008.

Alfredo Suárez Canal  
Conselleiro do Medio Rural



**ANEXO I****Proxecto de xestión de xurros****A) Elementos comúns.**

Os solicitantes que opten ás axudas recollidas nesta orde deberán elaborar un proxecto de xestión, no cal se recollan polo menos os seguintes elementos:

1. Datos do solicitante: nacionalidade, razón social, NIF, sede social, datos persoais (nome e apelidos e NIF) do representante.

2. Xustificación do proxecto.

3. Relación informatizada en formato Excel na cal aparezan identificadas as explotacións porcinas integradas no programa, incluíndo, para cada unha delas:

a) Código de identificación da explotación asignada pola autoridade competente, de acordo co establecido no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras.

b) Datos do titular da explotación: apelidos e nome ou razón social, número ou código de identificación fiscal (NIF ou CIF), enderezo, código postal, municipio, provincia e teléfono.

c) Descrición dos equipamentos previstos para o almacenamento de xurros.

d) Produción anual de xurros, segundo a táboa recollida no anexo XI.

4. A suma dos censos ou valor de capacidade produtiva, expresada en UGM (unidade gandeira maior), de acordo coa táboa de equivalencias recollida no anexo XI, de todas as explotacións integrantes.

5. Produción anual de xurro en volume total das explotacións integrantes.

6. Cantidade de xurros destinados aos distintos usos, incluíndo a descrición do sistema de seguimento e rexistro.

7. Explicación detallada do proxecto, incluíndo calendario previsto de realización de actividades.

8. Descrición detallada da distribución de responsabilidades entre os distintos axentes participantes, de acordo coa documentación sinalada no punto 2.d) do artigo 6º e medidas aplicables en caso de incumprimento.

9. Orzamento detallado do proxecto.

**B) Elementos adicionais.**

1. Cando os proxectos inclúan plans de redución do uso de fertilizantes minerais, mediante a aplica-

ción de xurros como fertilizante. Neste caso, ademais dos elementos sinalados na epígrafe A) deste anexo, os proxectos de xestión deberán incluír:

I. Un plan de valorización agrícola baseado nos códigos de boas prácticas agrarias e demais normativa de aplicación, que estea adaptado ás características particulares dos xurros producidos e ás necesidades dos cultivos. Deberase presentar relación detallada en soporte dixital dos seguintes datos relativos á superficie agrícola que se vai fertilizar:

a) Código de identificación da explotación agraria.

b) Datos do titular da explotación agraria: nacionalidade, apelidos e nome ou razón social, número ou código de identificación fiscal (NIF ou CIF), enderezo, código postal, municipio, provincia e teléfono.

c) Localización das parcelas, indicando municipio, zona, polígono e parcela coa superficie total de cada unha delas.

d) Dimensión da superficie que se vai utilizar (hectáreas) en cada parcela e cultivos correspondentes.

e) Características do terreo de cada parcela.

f) Necesidades dos cultivos e época de aplicación.

g) Cálculo, por parcela, de achegas de nitróxeno ao terreo con base no xurro de porcino, calculado de acordo co anexo XI.

II. Sistema de seguimento e rexistro que permita coñecer o destino de todos os xurros aplicados ao terreo (lugar, dose e momento de aplicación).

III. Descrición do método de aplicación dos estercos e o seu efecto na redución de contaminación.

2. Cando os proxectos inclúan outras alternativas innovadoras na xestión de xurros procedentes de explotacións porcinas.

Neste caso, ademais dos elementos sinalados na epígrafe A) e, de ser o caso, na epígrafe B)1) deste anexo, os proxectos de xestión deberán recoller:

a) Explicación do carácter novo do proxecto e do seu interese público.

b) En caso de tratarse dun proxecto piloto, sinalar a súa duración, debidamente xustificada.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

## ANEXO II

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS PARA A MELLORA DA XESTIÓN AMBIENTAL DAS EXPLOTACIÓNS PORCINAS EN GALICIA 2008</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MR557A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

## DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL				CIF
<input type="text"/>				<input type="text"/>
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	EXTENSIÓN	FAX	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

## E na súa representación:

APELIDOS		NOME	NIF
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

## DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME DA ENTIDADE BANCARIA		OFICINA	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	

## SOLICITA:

Que lle sexan concedidas as axudas establecidas ao abeiro desta orde, de acordo cos datos que se recollen a continuación (anexo III), e coa documentación para o efecto presentada (anexo IV).

## EXPÓN:

Que autoriza a Consellería do Medio Rural para incluír e facer público, nos rexistros de axudas, subvencións, e convenios e de sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas; e que autoriza a Consellería do Medio Rural para o tratamento necesario dos seus datos, para os efectos de lle dar cumprimento ao previsto no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, para publicar na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 17 de setembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras de axudas destinadas a proxectos de mellora da xestión ambiental das explotacións porcinas en Galicia e se convocan para o ano 2008.</i>	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA  <i>Lugar e data</i>  , de de		RECIBIDO <input type="text"/>
	REVISADO E CONFORME <input type="text"/>	DATA DE ENTRADA ___/___/___
		DATA DE EFECTOS ___/___/___
		DATA DE SAÍDA ___/___/___

*ANEXO III*

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

RAZÓN SOCIAL					CIF
[ ]					[ ]
ENDEREZO			PROVINCIA	CONCELLO	
[ ]			[ ]	[ ]	
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	EXTENSIÓN	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]	[ ]	

**Responsable das solicitudes de axuda**

APELIDOS	NOME	NIF
[ ]	[ ]	[ ]
CARGO	TELÉFONO	
[ ]	[ ]	

**RESUMO DOS GASTOS E INVESTIMENTOS**

CONCEPTO SUBVENCIONABLE	ORZAMENTO PREVISTO	SUBVENCIÓN MÁXIMA (*)
Compra de maquinaria e equipamento necesario.	[ ]	75%
Arrendamento con opción de compra de maquinaria e equipamento necesario.	[ ]	75%
Adquisición de patentes e licenzas.	[ ]	75%
Gastos de estudos de viabilidade.	[ ]	75%
Gastos de honorarios de asesores.	[ ]	75%

(\*) A axuda máxima será do 75% nas zonas desfavorecidas, e do 60% no resto.

O/A abaixo asinante responsabilízase da veracidade dos datos expostos.

*Lugar e data*

, de de

Asdo.:

[ ]

*ANEXO IV*

**RELACIÓN DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA**

(Indíquese cun X a documentación debidamente ordenada, que se achega coa solicitude)

- COPIA COMPULSADA DO CIF DA ENTIDADE SOLICITANTE.
- COPIA COMPULSADA DO DNI DO PRESIDENTE OU REPRESENTANTE LEGAL, DE SER O CASO.
- CERTIFICACIÓN BANCARIA ORIXINAL DO NÚMERO DE CONTA.
- COPIA DO ESTATUTO OU REGULAMENTO INTERNO DA PERSOA XURÍDICA SOLICITANTE E, DE SER O CASO, COPIA DOS CORRESPONDENTES CONTRATOS OU ACORDOS ENTRE O SOLICITANTE E OS DEMAIS AXENTES PARTICIPANTES NO PROXECTO.
- CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN (SEGUNDO O MODELO DO ANEXO V).
- CERTIFICACIÓN DOS COMPROMISOS E OBRIGAS EXIXIDOS NA ORDE (SEGUNDO ANEXO VI).
- DECLARACIÓN DO BENEFICIARIO SOBRE OUTRAS AXUDAS CONCEDIDAS E/OU SOLICITADAS PARA OS MESMOS INVESTIMENTOS, (SEGUNDO O ANEXO X).
- DECLARACIÓN DO RESPONSABLE DO ÓRGANO DE DIRECCIÓN DA ENTIDADE SOLICITANTE DA CONDICIÓ DE PEME DA ENTIDADE QUE REPRESENTA, DAS EXPLOTACIÓNS DE PORCINO INTEGRANTES E DAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS INTEGRADAS NO PROXECTO (SEGUNDO O ANEXO VII).
- DECLARACIÓNS DOS RESPONSABLES DE EXPLOTACIÓN PORCINA DE QUE SE CUMPRE A NORMATIVA SECTORIAL MÍNIMA CORRESPONDENTE EN MATERIA DE ORDENACIÓ, BENESTAR, IDENTIFICACIÓ, SANIDADE ANIMAL, AMBIENTE E HIXIENE (SEGUNDO O ANEXO VIII).
- DECLARACIÓNS DOS RESPONSABLES DE EXPLOTACIÓN AGRARIA DE QUE SE CUMPRE A NORMATIVA MÍNIMA CORRESPONDENTE (SEGUNDO O ANEXO IX).
- NO CASO DE PROXECTOS PILOTO, DECLARACIÓN DO BENEFICIARIO NA CAL SE EXPRESE CLARAMENTE QUE COÑECE E ACEPTA QUE OS RESULTADOS DO PROXECTO PILOTO SERÁN POSTOS EN COÑECEMENTO DO PÚBLICO.
- COPIA COTEXADA DA DECLARACIÓN DO IMPOSTO DE SOCIEDADES DO ÚLTIMO EXERCICIO ECONÓMICO, NO CASO DAS NOVAS ENTIDADES, COPIA DA ALTA NO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.
- PROXECTO DE XESTIÓ DE XURROS CON CONTIDO MÍNIMO RECOLLIDO NO ANEXO I.
- ESTUDO DE VIABILIDADE TÉCNICO-ECONÓMICO, ELABORADO POR TÉCNICO COMPETENTE, QUE CONSTARÁ DUNHA ANÁLISE TÉCNICA SOBRE OS OBXECTIVOS QUE SE PRETENDEN ACADAR E OS INVESTIMENTOS E OUTRA ANÁLISE ECONÓMICA QUE ANALICE A VIABILIDADE DO PROXECTO.
- ORZAMENTO OU FACTURAS PRO FORMA DOS INVESTIMENTOS, ACTIVIDADES E GASTOS QUE SE VAN REALIZAR.

O/A abaixo asinante responsabilízase da veracidade dos datos expostos.

*Lugar e data*

, de de

Asdo.:

[ ]

## ANEXO V

## CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

DON/DONA	<input type="text"/>	NIF	<input type="text"/>
COMO REPRESENTANTE LEGAL DE	<input type="text"/>	CIF	<input type="text"/>
CON ENDEREZO SOCIAL EN			
<input type="text"/>			

## CERTIFICA:

Que o órgano de dirección desta entidade, reunido en   
no día , acordou:

- Solicitar a subvención que corresponda, segundo o establecido na Orde do .
- Autorizar a , con DNI , como persoa encargada da realización dos trámites necesarios.
- Aprobar a realización dos investimentos que se citan a continuación:

E para que así conste, para os efectos oportunos, asino esta certificación en:

*Lugar e data*

, de de

Visto e prace

Asdo.:

## ANEXO VI

## CERTIFICACIÓN DOS COMPROMISOS E OBRIGAS EXIXIDOS NESTA ORDE

DON/DONA	<input type="text"/>	NIF	<input type="text"/>
COMO REPRESENTANTE LEGAL DE	<input type="text"/>	CIF	<input type="text"/>
CON ENDEREZO SOCIAL EN			
<input type="text"/>			

## CERTIFICA:

- Que esta entidade asociativa reúne os requisitos necesarios para acollerse a esta orde de axudas, así como que cumpre as obrigas e compromisos que nela se establecen.
- Que se responsabiliza para todos os efectos da autenticidade, tanto dos datos facilitados como da documentación presentada.
- Que se compromete a facilitar a documentación complementaria que se puidese requirir, e a permitir as comprobacións e inspeccións que a Administración considere oportunas.
- Que se compromete a non vender, doar nin ceder en uso os equipamentos subvencionados, antes de cinco anos ou de que termine o seu prazo de amortización, salvo por causa técnica xustificada e acreditada documentalmente, en concordancia co artigo 31 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Que se compromete a respectar os criterios de boas prácticas agronómicas na xestión dos xurros.

E para que así conste, para os efectos oportunos, asino esta certificación en:

*Lugar e data*

, de de

Asdo.:

ANEXO VII

**DECLARACIÓN DA ENTIDADE SOLICITANTE**

DON/DONA	<input type="text"/>	NIF	<input type="text"/>
COMO REPRESENTANTE LEGAL DE	<input type="text"/>	CIF	<input type="text"/>
CON ENDEZEZO SOCIAL EN			
<input type="text"/>			

**DECLARA:**

- Que os datos que se refiren a continuación son fiel reflexo da situación actual da entidade que represento:

ACTIVIDADE PRINCIPAL: <input type="text"/>			
Nº de traballadores	Facturación	Balance	Tipo de empresa*
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/> Pequena <input type="checkbox"/> Mediana

- Que a entidade solicitante á cal represento non se atopa en crise nin está sometida a un procedemento de quebra, insolvencia ou concursal.
- Que as explotacións porcinas integrantes e as explotacións agrarias integradas no proxecto polo que se solicita axuda cumpren os requisitos para a consideración de PEME\* conforme o Regulamento (CE) 70/2001 da Comisión, do 12 de xaneiro de 2001, e non se atopan en crise nin están sometidas a un procedemento de quebra, insolvencia ou concursal.

E para que así conste, para os efectos oportunos, asino esta certificación en:

*Lugar e data*

, de de

Asdo.:

\* Pequena empresa: menos de 50 traballadores e facturación ou balance de ata 10 millóns €/ano.

Empresa mediana: menos de 250 traballadores e facturación de ata 50 millóns €/ano e/ou balance de ata 43 millóns €/ano.

ANEXO VIII

**DECLARACIÓN DO RESPONSABLE DE EXPLOTACIÓN PORCINA**

D/Dª  , con NIF  , maior de idade e con enderezo en  , titular da explotación porcina con código REGA  , sita en

**DECLARO:**

- Que nesta explotación se cumpre a normativa sectorial mínima en materia de ordenación, benestar, identificación, sanidade animal, ambiente e hixiene.

E para que así conste, para os efectos oportunos, asino esta declaración en:

*Lugar e data*

, de de

Asdo.:



## ANEXO XI

Produción de xurro e equivalencias en UGM dos distintos tipos de gando porcino

Gando	Distribución	Xurro litros/día	Xurro m <sup>3</sup> /ano	Nitróxeno		Equivalencia en UGM
				Kg - ano	N - praza	
Porcino	Porca en ciclo pechado*	48,63	17,75	67,17		0,96
	Porca con leitóns desteta (0-6 kg)	13,97	5,1	15,28		0,25
	Porca con leitóns ata 20 kg	16,77	6,12	18,9		0,3
	Leitóns de 6/20 kg	1,12	0,41	1,8		0,02
	Porco de 20 a 50 kg	4,93	1,8	6,31		0,1
	Porco de 50 a 100 kg	6,85	2,5	8,05		0,14
	Porco de 20 a 100 kg	5,89	2,15	7,25		0,12
	Verróns	14	5,11	15,93		0,3

\* Inclúe nai e a súa descendencia ata a finalización da ceba

## ANEXO XII

Aspectos relacionados co cumprimento das normas ambientais de hixiene e benestar dos animais exixibles.

1. Normas mínimas de ambiente, hixiene e benestar dos animais exixibles ás entidades beneficiarias.

a) As explotacións con actividade gandeira obxecto de auxilio deberán levar a efecto as accións sanitarias derivadas dos plans oficiais de profilaxe e loita contra enfermidades, establecidas ou que se establezan no futuro, de acordo co previsto na Lei 8/2003, de sanidade animal, e normativa que a desenvolve.

b) As explotacións con actividade agrícola obxecto de auxilio deberán levar a efecto as accións sanitarias derivadas dos plans oficiais de profilaxe e loita contra os axentes nocivos, establecidos ou que se establezan no futuro, de acordo co previsto na Lei 43/2002, de sanidade vexetal, e a normativa que a desenvolve.

2. Outras normas de aplicación.

2.1. Normas ambientais.

2.1.a) Lei 4/1989, modificada polas leis 40/1997 e 41/1997, de conservación de espazos naturais e da flora e fauna silvestres (Directiva 79/409 CEE e a parte da Directiva 92/43/CE).

2.1.b) Real decreto 1997/1995 polo que se establecen medidas para contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestre (Directiva 92/43 CE).

2.1.c) Lei 10/1998, sobre residuos (Directiva 91/156/CEE).

2.1.d) Real decreto 261/1996, sobre protección contra a contaminación por nitratos procedentes de fontes agrarias (Directiva 91/676/CE).

2.2. Normas de hixiene e benestar dos animais.

2.2.a) Real decreto 348/2000, do 10 de marzo, relativo á protección dos animais en explotacións gandeiras (Directiva 98/58/CE).

## CONSELLERÍA DE TRABALLO

*Orde do 17 de setembro de 2008 pola que se fai pública a ampliación dos importes existentes para a concesión das axudas previstas na do 19 de decembro de 2007 pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2008, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación, e se procede á súa convocatoria.*

A Orde do 19 de decembro de 2007 (DOG nº 6, do 9 de xaneiro de 2008) establece que os créditos que financian as axudas previstas nela poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que establezan a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

En consecuencia, como existen outras dotacións que poden ser utilizadas para os mesmos fins, procedentes de transferencias de créditos, cómpre ampliar o importe dos créditos destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da referida Orde do 19 de decembro de 2007, coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de beneficiarios posible.

Por todo o exposto e en uso das facultades que me foron conferidas,

## DISPOÑO:

## Artigo 1º

1. Ampliase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 19 de decembro de 2007 de acordo coa seguinte desagregación:

a) Capítulo segundo (programas de cooperación con entidades locais) sección I (das subvencións para a contratación de traballadores e traballadoras desempregados/as para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social), na seguinte contía e aplicación orzamentaria, que figura dotada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008:

16.02.322A.460.1: polo importe de 1.000.000 € no código proxecto 2007 00 671.

b) Capítulo terceiro (programas de cooperación con administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro) sección I (das subvencións para a contratación de traballadores e traballadoras desempregados/as para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social), na seguinte contía e aplicación orzamentaria, que figura dotada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008:

16.02.322A.481.1: polo importe de 3.000.000 € código de proxecto 2007 00 669.